

ROUCCO SON

Falamos de rock en galego

Número 2- outubro 2021

Publicación gratuíta

Colle unha!



OS VAGALOURAS

BALMOG

SKORNABOIS

TÚZAROS


ASTAROT

ZËNZAR

ÉPSILON

MILETH

LÓSTREGHO



Óscar, de Barbarian Prophecies: “Se Rosalía vivise hoxe, tería una banda gótica ou black”

Óscar Besteiro, en plena actuación con Barbarian Prophecies

Este ano celebrastes o voso 21 aniversario, sendo unha das bandas en activo máis veteranas da escena. Cales son as maiores diferencias que notas respecto a como era o panorama entón e como é agora?

Si, e en breve xa 22 anos. O tempo pasa moi rápido e cando te das conta xa tes 40 e pico anos e todavía segues buscando enlaces na música, bandas para intercambiar concertos... O mundo cambiou moito, sobre todo houbo un gran salto ó entrar o novo milenio. A implementación das novas tecnoloxías e o seu uso foi un factor determinante para

o avance social e simplificou moito todo o que xira entorno a unha banda underground. Hoxe en día é moito máis sinxelo coñecer outras bandas, conseguir concertos, gravar un disco ou ter material audiovisual de calidade. Pensa que hai 25 anos, nos 90, era practicamente imposible gravar un disco con boa produción, sobre todo porque era moi caro. Agora podes gravar un álbum de calidade cun home studio na túa casa. E nos anos 80 xa non o quero nin pensar, a xente que viviu esas épocas suplía as carencias económicas e lóxicas coa ilusión dun futuro aberto e incluso

que, por degraza para todos e todas, nunca se chegou a acadar.

Por outra banda, estou un pouco farto do conto de sempre, no que se magnífica o pasado cunha visión romántica moitas veces resultante de lembranzas de xuventude onde todo parece mellor. O underground sempre foi underground, e antes estaba moito máis soterrado. Como comentei, todo era máis difícil, ata o feito de ter instrumentos de calidade. Pode que houbera máis xente nos bolos, pero era porque había menos concertos, non porque houbera máis xente amante da música ex-

Barbarian Prophecies leva 21 anos sendo unha das bandas de referencia do metal extremo galego. O cuarteto de Lugo acaba de sacar *Horizon*, un disco que culmina unha discografía formada ata o momento por outros catro álbums de estudio e dous EPs, ademais de varias recompilacións ou demos. Apenas acaban de comezar presentar este novo traballo en directo, estreando ademais a súa nova formación, na que a vocalista Alicia Chousa asumiu tamén o mando das catro cordas do baixo.

Horizon, lanzado conxuntamente polas discográficas Base Record Production, Violence in the Veins, Hecatombe Records e Iron Matron Records, amosa o death metal melódico que practica o grupo. Porén, trátase dun death melódico afastado do canon do estilo, inzado de elementos tomados do metal progresivo ou do black metal que practicaron nos seus inicios. Ao longo dos 52 minutos que duran as súas 10 cancións, os de Lugo crean estruturas elaboradas nas que se mesturan os seus riffs extremos con seccións limpas ou sintetizadores. Nelas atopamos varias novidades na discografía do grupo, coma unha canción parcialmente en galego inspirada en Rosalía de Castro, “Morte negra”, ou unha regravación dun dos primeiros temas do grupo na súa época máis black, “Supreme Vampire”.

Para entender a traxectoria e a evolución da banda, dende Rouco Son falamos con Óscar Besteiro, membro fundador da banda que hoxe comparte con Alicia, o guitarrista Arnt Bünz e o baterista Diego Maya.

trema ou independente. Coido que había menos fans ou entusiastas ca hoxe, simplemente é cuestión de accesibilidade.

O estilo de Barbarian foi evolucionando dende o black metal cara ao death metal melódico, pero sempre con variedade de influencias de diferentes estilos. A que se deberon estes cambios en cada momento?

Imaxina unha banda pola que pasaron máis de 13 persoas diferentes. Un dos resultados desta muda de membros é unha evolución constante ó longo do tempo, xa que cada

un foi aportando os seus gustos persoais e as súas inquiredanzas. Para min iso é algo especial, xa que parte da alma ou mente de todos aqueles que formaron parte de Barbarian ficarán representadas para sempre na música que se foi creando ó longo destes anos. Por outra banda, en Barbarian nunca se puxeron límites na creación ou composición. Moitas veces unha canción pode xurdir dunha estrutura xa pensada, pero as ideas e variacións que se nos van ocorrendo e nos gustan non temos medo de incluílas. A fin de contas, isto faise sobre todo para nós mesmos, e coa ilusión de compartilo cos demais. Compoñer música non se trata de agradar a uns ou outros, nin de ser o mellor ou o máis extremo e true, senón de crear algo do que te sintas orgulloso ou orgullosa.

En Horizon recuperades un dos vosos primeiros temas, “Supreme vampire”. Como foi mesturar este tema co voso novo estilo?

Foi interesante, sobre todo á hora de empregar o metrónomo para gravar, e tamén modificar a canción de maneira que non perdesse a súa esencia orixinal pero incluíndo novas armonías e algunha parte ampliada. “Supreme vampire” foi un tema feito por rapaces de entre 16 e 20 anos, noutra época e con grande ilusión. Por isto pensamos que sería unha boa homenaxe á xente daquela época e ós que formaron parte da banda no pasado.

Outra novidade deste álbum novo é a inclusión dunha canción, “Negra morte”, cun fragmento en galego correspondente a versos de varios poemas de Rosalía de Castro. Por que decidistes probar a cantar tamén na nosa lingua?

Xa era algo que tiñamos na mente dende hai moito, pero non se puido materializar ata este último álbum. Para nós, o galego ten unha sonoridade moi boa para cantar, e incluír lírica de Rosalía era algo inevitable. A musa gótica galega por excelencia. Estou seguro de que se tivese vivido nesta época tería unha banda extrema, gótica ou black. Seguramente faremos máis temas en galego nun futuro.

Ademais das numerosas bandas de metal extremo que cantan sempre en galego, tanto novas coma veteranas, outra banda da vosa quinta, Balmog, tamén está come-

zando incorporar o galego na súa música. Notas que é algo que se pode xeralizar cada vez máis?

Coido que a xente ten cada vez menos medo a incluír idiomas que non sexan o inglés ou o castelán. O galego ten unha maior repercusión e respecto en todo o territorio estatal. Hai que ter en conta que non hai tanto a palabra galego era sinónimo de tonto, e sobra dicir quen non era



o mesmo ser catalán ou vasco que galego a tódolos niveis. Seguimos á cola, pero o avance é evidente. Isto fai que cada vez máis bandas inclúan a súa lingua materna por orgullo,

vés do contacto co resto de grupos da escena coma en redes sociais ou a través de organizar o Napalm Fest. Fai falla máis apoio mútuo entre as bandas do underground?

O apoio mutuo é fundamental, a xente ten que concienciarse de que isto non é Noruega nin Suecia. Tampouco estamos en Los Angeles nos 80. Aquí, en España, todo o que saía do socialmente aceptado e im-

pero, ollo! Non toda, salvo no confinamento máis extremo. Despois, a cultura non parou, seguirían facéndose concertos e actividades baixo o timón dos que ostentan o trono da administración. Por iso, agora máis que nunca, a unión é fundamental. Senón, estamos perdidos!

Xa tedes dado algún concerto para presentar este novo álbum. Cales son as vosas sensacións respecto do regreso da música en directo?

Pois a verdade é que as ganas son maiores que nunca, pero tamén os nervios, son casi dous anos sen directos e iso nótase. En canto á resposta da xente, non puido ser mellor, a sala completou o aforo, moitos amigos de toda Galiza pasaron polo evento e conseguimos recaudar cartos para unha asociación cultural que axuda ás persoas sen recursos con inquiredanzas musicais, a Asociación Cultural Musical Luis Nieves. Este ano tentaremos dar un par de concertos máis, pero estamos centrando esforzos xa no ano que vén.

En redes, a acollida do disco está a ser moi boa. Cumpriu as vosas expectativas?

Horizon está tendo unha resposta moi positiva, e a verdade é que non pensabamos que fose ser así, xa que o disco ten pasaxes moi afastadas do que se considera metal extremo. Así que está superando amplamente as nosas expectativas.

O lanzamento de Horizon e a súa promoción seguiron un calendario quizais pouco habitual, sacándoo en Bandcamp bastante antes que fisicamente e no resto de plataformas dixitais en vez de facelo todo á vez. Por que optastes por este xeito de lanzar o álbum?

Había que adaptarse a situación actual, e, como xa está de moda dicir, a resiliencia foi fundamental. Pensamos que, se non se podía tocar, o que había que facer era centrar os esforzos na promo e ir desvelando pouco a pouco o álbum e xerando sempre contido nas redes. Tamén apuntar fora do país, que é onde podes ter maior repercusión. Coido que, máis que nunca, a situación actual deixou claro que coirar moito o contido audiovisual e a promo é fundamental para calquera banda que se queira mover minimamente. Antes de despedirme, gustaríame dar a grazas por esta entrevista, e animar a todas e todos os que a lean e que queiran colaborar con Barbarian, que se poñan en contacto con nós en calquera das nosas redes. Se podemos axudar, faremolo, o beneficio é sempre común. Un saúdo dende Lvcvs e vémonos nos escenarios. Lume!



polo que significa máis alá de ideas políticas. O idioma como parte esencial da evolución humana, sumado á música como expresión cultural universal, sempre vai estar nun nivel superior ó imposto por credos, ideoloxías e demais estratexias de control.

Ademais do teu papel en Barbarian, fas un gran traballo promovendo o underground, xa sexa a tra-

talmente manipulada e é usada para controlar as condutas sociais e eliminar a disidencia intelectual. Por este motivo, a miña filosofía sempre foi sembrar boas accións que fomenten a colaboración e a axuda desinteresada, para así xerar un hábito noutras persoas que, vendo que esta táctica funciona, tendan a replicala. A pandemia coido que nos deu moitas claves para que a xente esperte. A cultura saíu perxudicada,

“Fedes a faiado”, novo videoclip dos Vacalouras con Anxos Fazáns



Os Vacalouras estrearon xa o segundo adianto do que será o seu vindeiro álbum, *Xuventude Prexubilada*. Despois do éxito que supuxo a súa colaboración co mítico Quim Barreiros, “O Samil é Portugal”, lanzada en xullo e que xa conta con decenas de miles de reproducións nas plataformas dixitais, chega agora “Fedes a faiado”. Esta nova canción, escrita profeticamente antes da pandemia, fala sobre a crise existencial que experimentamos moitos mozos que xa non somos tan mozos, cando xa custa máis saír de festa como antes e a comodidade de quedar na casa chega a facernos cheirar a faiado.

Para acompañar o tema, a banda de punk rock de Teis conta cun videoclip protagonizado pola cineasta Anxos Fazáns, que tamén dirixiu e realizou a peza conxuntamente con Noemí Parga Iglesias e o guitarrista do grupo Víctor Vacaloura, baixo o seu pseudónimo Charles Rapante.

Fazáns xa estivo detrás dos vídeos para as súas cancións “Desbrozadora”, incluída no EP *Eres Punk i non o Sabes* (2014), e “Capacho rock”, do EP homónimo (2016). Ademais dela, tamén protagoniza o videoclip o baixista Pepe Vacaloura, e isto non é casual, posto que un dos detalles máis chamativos do tema é que nesta ocasión fai el o papel de vocalista principal, un rol que adoita desenvolver o tamén gaiteiro Gabi.

Xuventude Prexubilada chegará en novembro, e será o primeiro álbum completo de estudio da banda dende que gravaron e lanzaron de xeito independente e autoproducido *Xa Están Aquí* en 2011. Despois do alcance e repercusión mediática que tivo “O Samil é Portugal” e desta estrea de “Fedes a faiado” na web da revista *Vinte*, a expectación polo novo dos de Teis, asinados con Galunk Producións, non pode ser maior.



Portada do sinxelo “Fedes a Faiado”

Balmog colga o cartel de todo vendido no Transylvania para o 31 de outubro



O cuarteto de Soutomaior, unha das bandas máis internacionais e veteranas do black metal de Galicia, volve tocar en Vigo o domingo 31 de outubro, no Pub Transylvania. E a convocatoria foi todo un éxito. A xente pedía concerto de Balmog, posto que a pesar de haber dous pases do concerto, un ás 21:00 e outro ás 23:00, con motivo das restricións entón vixentes, as entradas esgotáronse ás poucas semanas de ter sido anunciadas.

Estes dous concertos non supoñen só o regreso de Balmog aos escenarios vigueses, se non

que tamén servirán de presentación do seu último disco, *Eve*. Este traballo, o seu cuarto álbum de estudio como tal, chega ano e medio despois do aclamado EP *Pillars of Salt*, e só uns meses despois do EP de adianto titulado *Desacougo*. E como non podía ser doutro xeito, o novo disco está a ter de novo unha gran acollida entre os fans e os medios especializados.

Unha das trazas máis inmediatamente apreciables deste *Eve* é o uso da lingua galega nalgúns dos temas, unha variación con respecto á boa parte da

discografía coa que xa coquetearan en fragmentos da canción de 18 minutos que compón *Pillars of Salt*. De todos xeitos, non é algo que deba sorprendernos moito nos de Soutomaior, xa que non hai que esquecer que a banda xurdiu en 2003 das cinzas de Inmacula Mortem. Esta banda pioneira do black metal en toda Galicia editou no 2001 a demo *Mencer*.

Quen tivo a sorte de coller entrada a tempo pode prepararse para un verdadeiro asalto de black metal o próximo domingo 31 de outubro.



Balmog en directo

A HISTORIA DO METAL EN GALEGO: Capítulo II (1995-1999)

No primeiro capítulo desta serie de reportaxes falabamos dos primeiros grupos de metal que cantaron cancións na lingua galega e editaron os primeiros álbums integramente en galego, sentando así as bases para a expansión do metal na lingua nos anos seguintes. Skornabois ou os cangueses Astarot. Mentres que os dous primeiros se ubicaban nas vertentes máis punkies e alternativas, a terceira serie de discos en galego versionando poemas e cancións célebres da nosa cultura popular, que os levaría por infinidade de camiños, que nesta etapa amosaba un forte compoñente de heavy metal na súa música. Cada unha á súa maneira, estas bandas contribuíron a minada polo thrash metal a incluír practicamente todos os subxéneros existentes.



Por unha banda, Túzaros é o grupo que máis entronca co que estaban a facer precursores coma Desvirgheitors, Mol e Mala Oxtia: practicaban unha mestura entre o hardcore punk e o metal, esta vez máis influída polos sons lentos e pesados do groove metal que tanto despuntaba na escena destes anos. Este trío da capital galega sacou unha maqueta xa en 1994, e ao ano seguinte participaron na mítica serie de sinxelos *Son Parrulo* editada pola Sala Nasa de Compostela (cuxo histórico lugar está hoxe ocupado pola Sala Malatesta, que colleu o seu testemuño).

Para 1995 xa estaban o suficientemente consagrados como para facer parte da recompilación *Unión Bravú* co tema "Cuspen na cara". Este disco, editado por Edicións do Cumio e coa produción executiva a cargo dos Diplomáticos de Monte-Alto, contaba tamén con estes e con outras das máis míticas bandas do movemento bravú e a música en galego daqueles anos, coma Os Papaqueixos, O Caimán do Río Tea, Xenreira, Ruín Bois, o regueifeiro Pinto d'Herbón, ou outro dos grupos dos que falaremos aquí, Skornabois. Non podemos esquecer tampouco que a este movemento tamén se adoitan adscribir outras bandas cunha forte influencia de estilos tan relacionados co metal como o hard rock, sendo o caso de Heredeiros da Crus.

Xa en 1997, como gañadores do Festival da Canción do V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela, Túza-

ros grava o tema "Mata ao monstro", entre outros temas en máis recompilacións nas que participan. Todas as cancións editadas polo grupo tiñan, entre outras, unha característica en común, pois todas estaban escritas en galego. Por vez primeira grupos de metal desenvolvían o seu repertorio de xeito practicamente íntegro nesta lingua; polo tanto, non é de extrañar que ese mesmo ano sacasen xa un álbum de metal totalmente en galego, o CD titulado *Túzaros*. Un traballo no que ten cabida dende o metal máis pesado ata o hardcore máis rápido, pasando mesmo polo hip-hop. A súa continuación chegaría no ano 2001 co álbum *Trivial*, que, alén dunha participación na recompilación contra o desastre do Prestige *Nunca Máis* en 2003, sería o derradeiro do grupo.

Aínda que a traxectoria do grupo remataría neses anos, o vocalista e guitarrista Mario César Vila pasaría posteriormente a facer parte doutros grupos de metal en galego coma InVivo ou Desequilibrio Mental. Por outra banda, Skornabois tamén tiveron unha traxectoria breve pero fructífera nestes anos, esta vez nun estilo novo; un metal alternativo con elementos funk, hip hop e punk que os vencellaba tamén co movemento nu metal americano daqueles anos. Procedían da Mariña de Lugo, concretamente da vila de Vilanova de Lourenzán, e formáronse no ano 1988, aínda que non sacarían a súa primeira casete cun son profesional ata 1996, ano no que

sae ás rúas *O Verme Homicida*. Neste primeiro traballo, a influencia do metal non é tan evidente, cun son moito máis punk e cercano ao do rock bravú. Pero algúns dos seus temas serían regravados para o álbum homónimo *Skornabois*, integramente en galego coma o de Túzaros, que sería publicado en 1998.

Este álbum xa é todo un traballazo de funk metal e rap metal. 16 temas de puros anos noventa, cheos de mestura e experimentación e cunhas letras reivindicativas e combativas perfectamente axeitadas ao estilo. Un álbum que, de non ter sido feito nesta época polos Skornabois, seguramente nunca tería existido algo similar na música en galego, e que á vez sona moi ben aínda hoxe en día. Despois de tocar por todo o Estado e de participar na terceira recompilación da *Revista Bravú*, titulada *Terra Terremota*, co tema "Plánta-te!", a actividade de grupo chegou á súa fin.

Quen si teñen unha traxectoria de décadas que dura aínda hoxe son os cangueses Astarot. Foron unha das primeiras bandas de hard rock e heavy metal de Galicia, nacendo no ano 1983, e ao longo dos oitenta e a primeira metade dos noventa sacaron varias maquetas e álbums en castelán. O seu paso á lingua galega comezou co seu terceiro álbum *Apuesta y Gana*, un disco principalmente en español pero que inclúe unha versión de "Airiños, airiños, aires" e máis unha versión en galego do tema de Neil Young "Rockin' in the free

a nosa lingua, a finais dos anos oitenta e principios dos noventa. Porén, foi na segunda metade desta década cando se o novo milenio. Estes avances viñeron da man de varias bandas clave, coma os composteláns Túzaros, os laurentinos vivas do metal, irmanándose así coas bandas do mítico rock bravú da época, os terceiros comezarían nesta etapa unha de festas patronais e aparicións na TVG. Tampouco podemos esquecer á veterana banda punk Zënzar, de Cerceda, dan proba da crecente diversificación de estilos que se daría na escena, que pasaría ao longo destes anos de estar do-



world", titulada "Sigo en pé no mundo". Porén, a primeira canción orixinal veu en 1997, da man da xa mencionada *Revista Bravú*, editada por Xerais e que exercía de altofalante do movemento homónimo. Na segunda recompilación editada pola revista, os cangueses incluíron a súa balada heavy "Coa proa no ceo".

Logo chegou un disco bastante peculiar: un compartido coa banda de ska e pop rock madrileña The Refrescos, coñecidos polo seu gran éxito oitenteiro "Aquí no hay playa" e cuxo cantante ten orixe viguesa. A unión foi auspiciada pola Xunta de Galicia para celebrar o Xacobeo 1999, alternándose as cancións dos madriñelos coas de Astarot. As dos cangueses, que son as que aquí nos ocupan, son por unha banda versións de cancións míticas coma a "Rianxeira" ou o "A Santiago vou"; por outra, o "Over the hills and far away" de Gary Moore versionado en galego coma "Ceo gris"; e por outra, unha canción propia, titulada "Unha promesa". A máis interesante delas é sen dúbida esta última, que mestura heavy metal melódico e folk nun estilo reminiscente dos Mago de Oz que xa comezaban a despuntar neses anos. Despois deste traballo tan excéntrico, sacarían ao ano seguinte un novo álbum, *O Sentir dunha Terra*, onde continúan a liña de versionar temas populares en galego pero no que de novo inclúen algúns temas propios, nomeadamente "Coa proa no ceo" e "María Soliña", un tema épico con letra de

Xosé Manuel Pazos onde narran a historia da lendaria muller canguesa acusada de bruxería e asasinada no Século XVII.

Posteriormente, en 2006, o grupo publicará *Longa Noite de Pedra*, onde engaden composicións propias a poemas de grandes autores galegos coma Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, ou Rosalía de Castro, ademais de realizar unha versión en galego de Supertramp. O seu seguinte e ata o momento último álbum de estudio sería de novo un disco en castelán con algúns temas en galego, titulado *Séptimo Pecado* (2013). O enfoque da banda, especialmente centrado en versionar cancións e poemas coñecidos, resultou polémico para os seus vellos fans e para os fans do estilo en xeral, pero tamén lles abriu, a diferenza de boa parte do resto de bandas de hard rock e metal galegas, as portas da Televisión Galega e da administración autonómica e local, necesitada de impulsar a artistas que empregasen a nosa lingua. Fose deste xeito ou máis dende o underground coma os grupos dos que falamos anteriormente, o feito foi que o metal en galego diversificouse, e a maior proliferación de grupos e propostas aínda estaba por chegar nos anos vindeiros.

Rematamos este capítulo co caso de Zënzar, unha banda activa facendo música en galego dende finais dos anos oitenta, cando se fundaron baixo o nome de Mördor. Esta banda lanzou nesta época traballos coma a casete *Fascinados polo Prohi-*

bido (1995) ou o seu primeiro álbum, *Disparados ó Futuro* (1997), lanzado por Edicións do Cumio. A pesar da súa traxectoria eminentemente rock e punk, nestes lanzamentos pode apreciarse unha considerable influencia do heavy metal, e mesmo aparecen aquí e alá momentos propios do crossover thrash e o hardcore punk. Non en van, tocaron en directo naqueles anos con bandas de metal coma Xudef Klas, Kraken, Túzaros ou mesmo Barón Rojo.

Aínda con marcado espírito punky, as dúas gravacións mencionadas están moi centradas nos riffs de inspiración heavy, un trazo especialmente notorio nesta etapa pero que a veterana banda mantería tamén nos anos seguintes, sacando álbumes coma *Todo vai Ben* (2001), no que contaron con diversas colaboracións de grandes artistas do panorama galego, e *Rockanrol* (2002).

Despois destes discos prodúcense cambios na formación da banda que virían acompañados dun menor peso do metal na súa música nos anos seguintes. Porén, a influencia do heavy metal volve aparecer de cando en vez ao longo da súa notablemente ecléctica carreira, aínda en curso hoxe en día. A mestizaxe de estilos é, en todo caso, unha virtude común nos grupos galegos da época, polo que non é de extrañar que grupos que adoitan estar englobados dentro do rock ou do punk, como é o caso de Zënzar, sexan tamén relevantes á hora de falar de estilos irmáns coma o metal.

Aki Jacob, fundador de Épsilon

Épsilon son todo un mito do rock da cidade de Lugo. Foron uns pioneiros do heavy metal en toda Galicia, sacando varias maquetas e dando numerosos concertos entre 1981 e 1987, ano no que os seus membros deciden separarse e participar doutras bandas. Neses anos tiveron a honra de tocar xunto a varios dos grandes nomes do rock estatal e de facer parte de festivais míticos coma o do Concurso de Rock Cidade da Coruña de 1982, embrión do futuro Noroeste Pop Rock. A asignatura pendente que lles quedou nos oitenta foi a de gravar un álbum, misión para a que se reuniron a finais dos noventa. O resultado, Épsilon (1999), que foi tamén a súa última obra, é un resumo perfecto de por que este grupo foi tan influínte e importante para a historia do metal galego. Porén, tampouco se poden ignorar as súas diferentes maquetas, nas que coquetearon con estilos que van dende o speed metal ata o rock progresivo, e nas que chegaron a empregar a lingua galega nun tempo en que ningún grupo do estilo o fixera.

Falamos con Aquilino Jacob, “Aki”, que foi o fundador, guitarrista e principal compositor do grupo, así coma membro de todas as súas formacións. Hoxe en día é profesor dunha escola de guitarra en Lugo, ademais de ter pasado por outras formacións, coma La Escalera de Jacob, Los Solitarios, Brath ou Force. Aki mantén viva a historia de Épsilon en internet compartindo a cotío material e anécdotas da súa traxectoria, e nestas liñas fala dalgunhas das curiosidades que rodearon os momentos clave da banda e a súa época.

Épsilon foi non só o primeiro grupo de heavy metal e hard rock de Lugo, se non tamén un dos primeiros en toda Galicia. O feito de ser unha novidade foi unha vantaxe ou pola contra dificultou os vossos primeiros pasos?

Nós, con 14 anos de idade naquel momento, non eramos conscientes disto. Aínda que xa levabamos un ano ensaiando en 1981, influenciados pola New Wave of British Heavy Metal, resulta que nos convertimos na primeira banda de heavy metal e hard rock coñecida de Galicia (risas). O noso estilo non foi vantaxe nin desvantaxe; facendo pop quizais podes saír máis na radio, pero o rock ten un público máis fiel. De feito, nós tiñamos unha boa basca de seguidores, un agarimoso saúdo a todos eles, que, facendo pop, igual non teríamos tido, non sei. Temos que dar as grazas en todo caso a todos os medios de comunicación lucenses e galegos que tanto nos apoiaron.

Unha cousa está clara, o que vós conseguistes en tan poucos anos, tocar con bandas tan recoñecidas coma Leño, Asfalto, Ñu ou Los Suaves, é algo que moi poucos conseguen. Como era tocar con grupos xa daquelas tan establecidos?

Un soño. A un ano ou dous de comezar estabamos tocando e facendo amizade nos camerinos con grupos que admirabamos de toda España. Faltounos actuar xunto aos números 1, Barón Rojo, a quen seguíamos con asiduidade en directo. Non perdimos nin unha das súas actuacións no Pavillón de Riazor, un lugar que tamén foi emblemático para Épsilon.

Naquel tempo era quizais máis difícil dar os primeiros pasos como banda, e en consecuencia non había tantas que conseguisen editar algún traballo coma as que habería en décadas posteriores. Como cambiaba aquilo as cousas en comparación a hoxe en día?



Bueno, eu a partir do 2000 deixei os grupos e adiqueime á docencia na miña Escola de Guitarra e xa non podo falar moito, pero nos anos 80 e 90 había un fervedoiro de bandas por toda España, e moitas con disco. En Madrid e Barcelona nos 80, moitas de heavy. O meu compañeiro de grupo Ricardo e máis eu temos experiencia en ambas cidades: en Barcelona estivemos 8 días convidados por Sesé de Castro “El Pulpo” de La Banda Rítmica de Cristal, e ensaiamos con Trip, ademais de coñecer á xente de varios grupos punteiros do heavy estatal; e en Madrid chegamos a vivir nos últimos 80 e primeiros 90, tocando en distintos grupos, el en Cobra e eu en Force, Los Solitarios e Day-Gual, coñecendo a moita xente tamén. O gran cambio hoxe en día foi a era de Internet, allea completamente ao que vivimos nós e que provocou unha reforma na industria da música. No Século XX ir a comprar un disco era case coma un

ritual, no sentido de momento agradable, agora a música maiormente báixase de Internet.

Para min tiveron moito atractivo os 80 e os 90, tanto en Lugo coma en Madrid, aínda que foi unha mágoa que Épsilon dera un baixón en número de galas dende 1984, quizais porque deixaron de proliferar os festivais e as apostas polo rock. Tivemos dous representantes, Xaime e Ricky, que fixeron todo por nós e aos que quixemos moito, pero a partir da data que menciono xa teríamos precisado un mánager que nos movese, así coma máis estabilidade e compromiso de todos os compoñentes do grupo, porque, por exemplo, tivemos que cambiar de batería ata tres veces nunha pequena cidade onde, cando tes un grupo, os músicos son case irremplazables. Xa na reunión, o último batería que tivemos, Marcelino Penas, era de Arzúa e tiña que desprazarse a Lugo para ensaiar. Pero sei que cada un dos músicos que pa-

"Fomos a primeira banda heavy que gravou en galego por casualidade"



saron por Épsilon nas distintas etapas deu o mellor de sí e lles mando a todos dende aquí o meu máis agarrado recoñecemento e lembranza. Sigo en contacto coa maioría.

Vós fostes os pioneiros, e despois aparecerían máis grupos de metal na vosa cidade, especialmente no ámbito máis extremo. Algúns, tan destacados coma Ictus ou Barbarian Prophecies. Consideras que hai algunha continuidade entre o voso grupo e as xeracións seguintes?

Si, claro, os dous guitarristas de Barbarian son grandes amigos meus e teñen unha traxectoria intachable, facendo galas por toda España e fóra dela. Os seus discos teñen unha produción para quitar o hipo, moi boa. Sempre hai unha continuidade, se ben Épsilon era heavy clásico oitenteiro ou, máis ben, hard rock.

Ti, persoalmente, como profesor de guitarra, seguramente estiveches

en contacto con moitas xeracións de músicos da cidade, non?

Por suposto. Tiven, e grazas a Deus teño, a inmensa honra de darlle clase a moitas xeracións de afeccionados á guitarra clásica, eléctrica e acústica, sin límite de idade, e a guitarristas que forman ou formaron parte de bandas e distintos proxectos, independentemente de que conmigo viran outro temario. Algunhas artistas e bandas que lembro agora, e pido perdón polas que esquezo, cuxos guitarristas pasaron pola miña escola, son Lucía Pérez, Xavier Vizcaíno, Iván Capón de Orquesta Acordes que tamén tocou na reunión de Épsilon, Barbarian Prophecies, La Penúltima, Los Jorobados del Miño que é unha interesante aposta cun segundo disco ás portas, Vrásica, Kalte Sonne, Jairo V. Balsa... e moitas máis.

A aparición tan temperá de Épsilon, xunto a unha ruptura tamén

temperá en 1987, dificultou que coincidise no tempo con outras bandas de hard rock e metal de Galicia, aínda que si fostes coetáneos de algunhas coma Los Suaves ou Astarot. Había o que poderíamos chamar unha escena galega naqueles anos?

Fumos coetáneos e moi amigos de Los Suaves, que non se consideraban unha banda de heavy, polo menos nos primeiros 80. Aproveito para parabenizar a Yosi, Charly e compañía con todo o meu entusiasmo, porque eles conseguiron ser número un en España, algo que está ao alcance de moi pouquiños practicando ese tipo de rock. Astarot son posteriores e nós xa non coincidimos con eles en ningún evento. Por suposto que había unha boa escena galega de pop-rock, aínda que hard rock ou heavy metal practicásemos unha minoría: neste estilo lembro agora a Polen de Ferrol, que nos parecían moi bos. Seguramente, encerrados nos locais de ensaio había máis grupos. No resto

de España si que había moitos máis, que saían, coma nós, na revista *Heavy Rock*.

Vós, en todo caso, non só estabades en contacto con bandas de rock duro e metal, se non tamén con bandas doutros estilos. Había mestizaxe ou existía xa o típico recelo contra a música dura e pesada?

Nós coincidíamos nos escenarios con bandas de rock, no sentido máis amplo do termo. Eramos os únicos heavies e ademais tiñamos 15 anos, así que adoitabamos caerlles ben a todos. Tivemos o noso particular festival Reading no Primer Festival de Rock de Sada en abril de 1982, onde coñecemos a Los Suaves, que xa tiñan un gran nome feito en Galicia por ter teloneado, e superado, aos Ramones en Riazor en 1981. Tamén coñecemos a Blancanieves de Ferrol, o seu baixista Manolo Torrente aínda me mandou recentemente unha maqueta da súa reunión e sona moi ben.

Alcool, de Santiago; Bar, de Vigo co seu técnico, Bibiano, que nos sonorizou varias veces; Degenerador, da Coruña, cuxo mánager atopei de director no Sindicato de Músicos de Madrid en 1987; Ponla, de



Moaña... De Lugo, ademais de nós, actuaron Tungsteno, cuxo líder Ezequiel Orol, xunto a “Pibe” que tamén nos axudou co son en moitos concertos, é un dos personaxes clave na movida rockeira lucense e ten un talento natural como músico altísimo.

Logo, o I Concurso de Rock Cidade da Coruña en xullo de 1982 foi o noso singular Donington, coa plana maior dos críticos do pop-rock español no xurado. Ordovás, Manrique, Costas, Loquillo, o coruñés Nonito Pereira... Quedamos segundos tras Metro, da Coruña, e diante de Bar, de Vigo. Pero había máis grupos moi bos, coma Meteoro da Coruña e os mencionados Alcool, cun boísimo rhythm & blues tirando a duro, que seica agora que o penso foron pioneiros galegos no estilo que M-Clan practicaron en 1995. Siniestro Total foron descalificados en semifinais por ter contrato discográfico, algo que non permitían as bases do concurso. Con estas e outras bandas coincidimos logo en máis concertos entre 1982 e 1983. Por mencionar algún evento, o Rock no Terrón de Villanova de Arousa ou o Primer Festival de Rock de Cecebre.

Na nosa cidade estaban, ademais de Tungsteno, Lingotazo Whisky ou El Aeroplano. Sesé de Castro “El Pulpo” trasladárase a Barcelona fundando La Banda Rítmica de Cristal. Máis tarde, Scoobydoo, onde tocaba Segundo que foi baixista de Siniestro Total; Didia, cuxos membros Domingo e Javier forman parte actualmente de La Penúltima, que non paran de dar concertos con moito éxito; tamén Zeppo, Unicornio... Los Contentos, con dous ex-miembros de Zumo de Piña ou Bambi, creouse xusto cando Épsilon se disolveu en 1987 e foron os primeiros do pop-rock lucense en gravar un disco, en 1988, cunha notable repercusión. Ricardo colaborou con eles. En folk estaban Llug, O Carro, Taranis ... E os lendarios Brath, cos que

colaborei e cuxo líder, Eloi Caldeiro, fundou a nosa discográfica Sons Galiza.

Unha cousa que non puidestes lograr ata a reunión de finais dos noventa foi gravar un álbum propiamente dito. Por que? Influíu iso na ruptura prematura da banda?

Non gravamos antes porque non quixemos facelo, xa que pensabamos que tiñamos que mellorar moito musicalmente. Tasende, de Metro, ofreceunos a oportunidade de sacar o noso primeiro LP coa discográfica independente da Coruña Citola, á que estamos fundamentalmente agradecidos pola súa proposta, tras a primeira semifinal do I Concurso de Rock de A Coruña. Ricardo López, o baixista do grupo e o meu fiel compañeiro na música durante 20 anos, tenme comentado mil veces que debimos telo gravado (risas), que moitos grupos sacaron un primeiro LP frouxo e logo foron mellorando. Pero foi a decisión dos tres, Nacho, Ricardo e máis eu naquel momento. Non creo que iso influíra logo na ruptura da banda, Metro tiñan disco e desapareceron xa en 1984. Se a oferta tivese sido dunha multinacional teríamos aceptado.

Logo, a principios de 1987, con Eduardo “Pasha” como cantante e “Tapi” García na batería, tivemos oportunidade de gravar dous temas nun LP, xunto a outros catro grupos de heavy de toda a xeografía española ao ser seleccionados pola *Emisión Pirata* da Cadena COPE entre as cinco mellores novas bandas de heavy e hard rock español de 1986. O propio Juan Pablo Ordúñez “El Pirata” chamoume a casa para dicirme que Julio Castejón de Asfalto, que era quen o ía editar coa súa compañía discográfica Snif, botarase para atrás. Nunca soubemos os motivos. Así as cousas, ata a reunión do grupo non tivemos o noso disco. Saíu gracias



á discográfica lucense Sons Galiza, que anteriormente editou o da nosa outra banda La Escalera de Jacob, titulado *Altas Horas*, en 1996. Estabamos moi contentos de que, por fin, houbera un testimonio sonoro editado e comercializado de Épsilon.

As vosas maquetas son verdadeiros obxectos de coleccionista. Pensaches alguna vez en dixitalizalas para que se poida escoitar como sonaba a banda na súa época dourada dos anos oitenta? A

pesar das limitacións sonoras deste formato, teñen un valor histórico e un encanto retro indiscutíbeis.

Moitas grazas! Non houbo disco ata 1999, pero, efectivamente, tivemos moitas maquetas entre 1982 e 1987. O problema de dixitalizalas é precisamente que están en formato de cinta casete e non gañan moita calidade. Son unha testemuña do que foi, pero hai que imaxinar cómo podería sonar aquilo en directo, loxicamente moito mellor (risas). Quizais os másteres estean conservados e algún día se poidan dixitalizar con bo son os da COPE de Lugo de 1982, os de Curuxa de Lugo de 1986, e sobre todo os da RTVG de 1986. As que gravabamos no local con pletinas non vai ser posible melloralas en canto a son. Pero están aí! Fíxemolas en 1983 con Nacho Fernández na batería, antes de que se unira a Círculo Vicioso en Sevilla; en 1984, con Suso Díaz, que era o noso profesor de música, á batería con dobre bombo; e en 1985, con Roberto Fouz, que en paz descanse, de baterista. Tamén dispoño das maquetas do material que tería formado parte dun segundo disco da reunión, a partir do ano 2000, que nunca veu la luz, nas que programei con secuenciador as bases de batería e baixo e, no seu caso, teclados, facendo eu todas as guitarras e as voces.

Unha curiosidade da que xa falamos é o feito de que a vosa maqueta de 1987 contén as que probablemente sexan as tres primeiras gravacións de heavy metal en lingua galega. Cal é a historia detrás desta gravación?

En decembro de 1986, o Estudio Móbil número 1 da Radio Televisión de Galicia, con Pablo Barreiro como produtor, percorreu Galicia para gravar a grupos. A única condición era que a metade dos temas fosen en galego. Así que gravamos 6 e 3 delas as traducimos ao galego: “Noches de alcohol”, “Depende de ti” e “El líder”. Dese xeito fomos a primeira banda de heavy ou hard rock que gravamos en galego por unha casualidade, nunca o pretendimos. Porén, si hai que dicir que o resultado de “Noites de alcohol” nos gustou moito. Ese tema seguimos cantándoo en galego nos nosos sucesivos concertos.

Outra cousa que me chamou a atención da vosa historia é que, cando tocastes por última vez en Lugo en 1987, levabades dende 1983 sen dar un concerto na vosa propia cidade. A que se debeu? Era moi difícil tocar na cidade daquelas ou simplemente neses anos centrástevos en tocar fóra?

Nós eramos de Lugo, pero preferíamos tocar fóra. Na nosa cidade non era necesario facelo

cada ano. Porén, isto foi así porque en San Froilán 1985 estabamos programados xunto a Los Suaves e dous grupos lucenses, Didia e Spasmo, pero suspendeuse porque non parou de chover en todo o día.

Poderemos desfrutar algunha vez dun concerto de reunión de Épsilon?

Bueno, nunca se sabe... Deus dirá. Non estaría mal facer algo coma o que fixo Leño en 2010, na presentación do disco tributo Bajo la Corteza.



www.cronopioslibros.com

Pontevedra, en Fray Juan de Navarrete, 5 - tel. 986103444
Santiago de Compostela, en Alfredo Brañas, 24 - tel. 88193528

O folk metal de Mileth volve aos escenarios xunto a Cuélebre

27 NOVIEMBRE 2021

SALA REBULLÓN

Avda. Rebullón Nº 23
36416 Tameiga - Mos (Pontevedra)

Colaboran:



CUÉLEBRE
folk pagán



MILETH
metal pagán galaico

Apertura portas: 20:30h
Hora inicio: 21:30h
Entrada anticipada: 8€ | Porta: 10€
Aforo limitado!

Venta anticipada de entradas:
Sala Rebullón
Pick Up Discos
milethofficialchannel@gmail.com

A banda viguesa Mileth, que mestura o metal co folclore, dará o seu primeiro concerto dende o comezo da pandemia o sábado 27 de novembro na Sala Rebullón de Mos. Farano acompañando á banda de neofolk Cuélebre, fundada en Valencia, que visitará Galicia por primeira vez nos seus dez anos de traxectoria con motivo tamén do seu regreso á música en directo dende a irrupción da covid-19.

Os grupo galego, instalado en Vigo pero fundado na Mariña lucense, interpretará as cancións do seu álbum *Castro Pregarias no Albor da Lúa Morta*, lanzado en 2019, cuxos concertos de presentación foron interrompidos por mor da situación sanitaria. Este álbum plasma a súa mestura de instrumentos tradicionais ou cantareiras co metal extremo, acompañada de letras que recollen as lendas e os costumes da Galicia máis mística e enxebre. Por outra banda, Cuélebre ten tres álbums editados, sendo o máis recente *Dijara*, que veu a luz en 2020. Os seus outros traballos son *Anaman*, de 2017, e *Oinos*, de 2014. Neles recrean a Iberia celtíbera, con especial atención á súa mitoloxía precristiá.

Precisamente un dos últimos concertos dado por ambos artistas foi xuntos, na Sala Independance de Madrid o 2 de novembro de 2019. Agora, dous anos despois, volven reunirse nas táboas da Sala Rebullón, ubicada nas instalacións do Centro Social e Cultural As Pedriñas da parroquia de Tameiga, en Mos. Situada a un curto traxecto en coche do centro de Vigo e con amplo espazo de aparcamento, foi unha das poucas salas de música galegas que puideron ter un funcionamento case constante durante a pandemia.



Lóstregcho presenta "Zarpazo", o seu novo videoclip

O trío pontecesán Lóstregcho está a piques de lanzar o seu primeiro EP, titulado *Arrouxada*, e a modo de mostra sacou xa o seu segundo sinxelo, acompañado dun videoclip: trátase de "Zarpazo", un tema de rock de garaxe festeiro e pegadizo, e cantado en galego. Inmediatamente chama a atención a alineación da banda, na que o baixo domina o show. E é que o grupo bergantiñán

bástase só de voz, batería e o mencionado baixo (coa axuda duns poucos efectos) para dar caña máis que de abondo. Un tipo de formación innovadora e minimalista que se vai asentando cada vez máis na escena galega.

Arrouxada estará composto por 6 temas, gravados no Cimática Studio de Cerceda por Mahi de Broa, dos que xa vos temos falado anterior-

mente nesta revista. Para que saibamos que podemos agardar deste traballo, a banda promete unha "perfecta armonía entre o grunge, o stoner e o garage rock con tintes de psicodelia. Todo isto visto dende o contarrevolucións marcando en vermello". Unha mestura da cal este "Zarpazo" recolle a esencia nos seus apenas dous minutos de duración.

A banda da Costa da Morte eli-

xiu precisamente o mar coma paisaxe para este videoclip, o segundo que fan despois do do seu primeiro tema "Dardos". Dirixido por eles mesmos, contaron para a súa realización con Lorena Mariño, Roberto Iglesias, Adrián Mayo e José García.. Non esquezaes que tanto "Dardos" coma "Zarpazo" se poden escoitar tamén no resto de plataformas dixitais, coma Spotify.



Estefanía Tarrío, investigadora



A escena musical underground de Galicia está a suscitar, pouco a pouco, cada vez máis interese a nivel académico. Despois de moito tempo de relativa escuridade nese campo, cada vez son máis os traballos de investigación que tratan algunha das múltiples facetas da nosa escena subterránea. Poderíamos mencionar, entre outros, *A Coruña crust punk* de Adrián Martínez Pereiro, ou *Perspectivas sociais e proxección do metal na área de Vigo* de María Alonso Velasco. Porén, o interese destas investigacións non se limita só ao interior das facultades. Por iso, a socióloga Estefanía Tarrío, que está a elaborar coa súa tese doutoral “unha cartografía social da música underground galega a través das tecnoloxías dixitais”, decidiu desenvolver paralelamente a esta un proxecto de divulgación co que compartir os seus achados co resto da comunidade underground, e á vez recibir feedback por parte da mesma.

O resultado disto é Proxecto Rizoma, que dende Facebook, Instagram e o seu blog achega a historia e a actualidade do punk, o metal e o rock subterráneos en Galicia aos seus seguidores, cun gran equilibrio entre a accesibilidade e o rigor científico. Toma o seu nome dos rizomas, un tipo de tallo subterráneo propio dalgunhas plantas que medra

indefinidamente e de xeito horizontal, producindo constantemente novos gromos a medida que os vellos van morrendo. En palabras de Nía Tarrío, “a razón principal pola que xorde é porque, para min, realizar un proxecto de investigación desta temática sen contar coa participación da comunidade underground sería unha grande incoherencia”.

Ela xa realizara en 2019 o traballo “*By fans for the fans*”. *Una aproximación sociológica al fenómeno del Resurrection Fest* sobre o célebre festival de Viveiro xunto a Carmen Fernández-Fernández, e agora está inmersa na redacción da súa tese, para o que está realizando unha estadía na Universidade de Reading en Reino Unido. Segundo nos conta, aínda que “si que existen publicacións de carácter máis didáctico e divulgador dende hai bastante tempo”, as investigacións sobre a cultura underground galega son “un fenómeno relativamente recente” dende un plano estritamente académico.

Este desinterese histórico débese na súa opinión a dous motivos: “a desidia institucional e a propia falta de valor que lle é concedida a toda cultura que non sexa a hexemónica”. Porque isto non é algo que suceda só en Galicia, por suposto, aínda que a nivel internacional “dende a

última década agroman, por sorte, cada vez máis espazos onde se producen sinerxías entre persoas que investigamos a cultura underground en todas as súas formas”, poñendo como exemplos a Subcultures Network, a Punk Scholars Network ou o congreso KISMIF, este último celebrado na universidade portuguesa de Porto, onde a investigadora participou o pasado xullo cun relatorio sobre o propio Resurrection Fest.

En todo caso, cabe preguntarse: que é exactamente iso ao que nos referimos como underground? “Non teño a día de hoxe unha definición pechada, principalmente, porque a miña investigación segue en curso”, comenta Nía, máis engade: “non obstante, si que teño claras varias matizacións sobre a definición clásica de underground”. Isto débese a que o concepto ao que se refire “non pode ser un concepto estático e monolítico, senón que debería irse transformando e modificando á vez que o fai a propia cultura da que se nutre, non é o mesmo falar de underground nos anos 70 que facelo en pleno 2021”. Polo tanto, “empregar a mesma definición de hai 40 anos, sería non ter en conta as condicións sociais e históricas que vivimos na actualidade”. De feito, a socióloga non entende a diferenza entre comercial e subterráneo,

entre underground e mainstream, coma unha dicotomía pechada e excluínte, senón coma un espectro no que “unha mesma banda en diferentes momentos da súa traxectoria poida posicionarse nun lugar ou outro” e onde algúns artistas exercen de “bisagra” entre “dous mundos”.

Entre as peculiaridades que ten estudar a cultura underground, o xeito de recompilar material e fontes para o proxecto está entre as principais. Aínda que “calquera labor de recompilación adoita ser unha odisea”, neste caso podes atoparte incluso con que hai material “do que non tes nin sequera idea de que existe”. “É unha das principais limitacións de investigar algúns temas que non se atopan moi explorados”, explica Nía, “posto que é imposible coñecer o teu universo de estudo, sobre todo se falamos de que hai materiais que teñen practicamente 50 anos”. Ademais, a tarefa require de consultar fontes que moitas veces “non entran dentro do que a academia estipula que é unha fonte documental como tal, pero sen elas, sería imposible facer todo este traballo: inserts de vinilos, casetes, CDs, carteis de concertos e festivais, fotografías, blogues e foros, clips de vídeo, revistas ou fanzines”. A recolección deste tipo de material resulta especialmente difícil coa situación

"Investigar o underground sen contar coa participación da comunidade sería incoherente"



derivada da pandemia de covid-19, polo que a axuda das persoas que interactúan en redes con Proxecto Rizoma é fundamental.

En internet, que sen dúbida supuxo un avance inmenso neste aspecto, aínda hai unha deficiencia de recursos e información sobre moitas bandas da escena, especialmente das máis antigas, e hai cousas que só se poden atopar tras unha procura longa e exhaustiva. Hoxe en día, está claro que as redes sociais e as plataformas dixitais de música permiten que as bandas compartan as súas creacións e se dean coñecer dun xeito amplo e asequible. Porén, segundo pode observar Tarrío, tanto a época dos fanzines e as cassetes coma a de Spotify e Instagram teñen as súas luces e as súas sombras a este respecto.

"Nos anos 90, ter unha banda recoñecida era tremendamente complicado, xa que non había nin-

gunha infraestrutura que estimulase a creación de grupos de música, ou canto menos, que fixese que estas perdurasen no tempo", explica a investigadora, e "moitas veces non existía comunicación efectiva". Porén, na actualidade, por outra parte, "se ben crear unha banda pode ser algo que semelle moito máis sinxelo, facela medrar a través das redes sociais segue sendo un proceso duro". "Manter o impacto e a visibilidade dun proxecto musical en plataformas que se rexen por complexos algoritmos que requiren que constantemente publiques e crees contido é unha tarefa cansa", e para moitas bandas "é case coma un traballo máis". Esta inmediatez trasládase tamén á aparente necesidade "de producir singles e álbumes de maneira constante, xa que a música chega, consúmese e desbótase a un ritmo frenético", polo que conclúe que "esta época tampouco é a panacea".

A situación sanitaria, por suposto, tampouco axudou precisamente ás bandas que hoxe en día fan parte da escena, xa que "moitas veces as bandas non poden tocar, ou non é posible facelo nas condicións que desexan", explica. Tendo en conta que "os beneficios das e os artistas están supeditados ás ratios dos concertos", vense na obriga de "adaptar os seus prezos á metade ou ao terzo do seu aforo habitual, sen encarecer as entradas dun modo que non sexa asumible para o seu público".

En todo caso, "o certo é que a pandemia afectou de maneira desigual incluso á propia comunidade underground", pois "houbo moitas bandas que optaron por lanzar os seus traballos, ou que incluso comezaron a crear material novo", mentres que outras "esperan unha etapa de bonanza epidemiolóxica para lanzar os seus traballos e ver se poden

facer pequenas xiras de presentación". Moitas outras "detiveron a súa actividade, e seguen firmes na súa convicción de non querer elaborar nada ata que a situación mellore", entre multitude de situacións diferentes máis. Pero, en balance, aínda que as consecuencias para cada grupo foron distintas, para a socióloga a pandemia "só beneficiou ás plataformas dixitais de música".

En definitiva, ninguén interesado na nosa cultura de base debería perder a oportunidade de visitar o blog e as redes do proxecto, que non só fala da cultura e a escena underground, se non que é parte dela e o fai dende ela, de primeira man. Seguramente será unha iniciativa de divulgación pioneira de moitas outras que están por chegar, pasenlamente pero sen pausa, para dar a coñecer o underground galego dende o rigor e a profundidade que este merece.

**¡Practica y mejora
tu inglés!**

Inglés on-line

CONSIGUE OPORTUNIDADES INTERNACIONALES.
TRABAJO • ESTUDIOS • VIAJES

Prácticas individuais de inglés on-line en la comodidad de tu casa.
Mejora tu pronunciación en conversaciones reales y con vocabulario del día a día.

Estudiantes | Negocios | Viajes | Profesionales | Empresas

ZOOM • MEET • TEAM • SKYPE

Inglés on-line



📞 6 66 62 65 94

✉ larre.ingles@gmail.com

**Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia**

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 25-10-2021 nº2. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño Almeida.



SABORA

café tostados no día
www.cafesabora.com